

PROCESO DE TRAMITACIÓN DAS LICENCIAS FEDERATIVAS TEMPADA 2020

Nesta tempada seguiremos utilizando o mesmo programa de xestión plataforma da FETRI para as licenzas de triatlón.

Todas as licenzas deberán ser aboadas antes da súa tramitación.

Para tramitar as licenzas de deportista por un club, **primeiro debe estar tramitada a licenza do club.**

Os abonos dos deportistas que se federen por un club deben ser feitos polo club e terán a opción de aboar as licenzas no momento (a través da TPV), ou ben, a través de transferencia. No caso das transferencias debe estar o resguardo da mesma na Federación (vía email) para poder proceder á tramitación das licenzas. Os pagos a través da pasarela teñen acceso a factura no momento (a través do programa). Para poder proceder a facer a tramitación das licenzas, ós clubs teñen que estar ó día nas contas coa Federación

As licenzas dos/as deportistas becados no **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** débense tramitar **no primeiro día hábil de Xaneiro** (solicitude a través do programa).

A aquel ou aquela bolseiro/a que non a teña solicitada, tramitaráselle a licenza como independente no día seguinte.

***Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de club**

- Formulario de Solicitude cuberto coa sinatura orixinal (ou dixital certificada) selo do club e formulario de protección de datos cuberto e asinado.

Os **clubs novos, ou aqueles nos que se producen cambios**, deberán enviar e subir á plataforma, ademáis do formulario de solicitud co documento de protección de datos cuberto:

- Copia da resposta do Rexistro de Asociacións Deportivas onde comunican a inscrición do club ou da sección.
- Copia do CIF
- Copia dos estatutos
- Copia da Acta de constitución do club ou sección.
- Copia da Xunta Directiva actualizada presentada no Rexistro.

*** Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de Deportista, Técnico/a ou Oficial (esta debe ser subida no programa):**

- Formulario de protección de datos para todos e todas as deportistas - (subir á plataforma)
- 1 Foto tamaño carnet
- Copia do DNI en vigor do/a deportista (dúas caras)
(Menores de idade- Ademáis do anterior engadirán Autorización segundo modelo normalizado, asinada pola nai/pai ou titor/a xuntando xuntando DNI do/a asinante.
No caso de non posuír DNI o menor, enviará copia do libro de familia.
(A plataforma admite un único documento en pdf, Word, jpg,... pero con cantas páxinas se precise)
- Acreditación da titulación no caso de técnicos/oficiais.

** Os deportistas independentes/técnicos e oficiais deberán facer o pago a través da pasarela de pago, no momento de tramitar a súa licenza no programa, ou ben, enviar o resguardo da transferencia bancaria á Federación.*

***A licenza surtirá efectos 10 días despóis da recepción desta documentación na FEGATRI.**

Nº de conta para o ingreso senon se aboa con TPV:

Federación Galega de P.M. e Triatlón

Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

CUSTES DE LICENCIAS TRIATLON 2020

MENORES	15,00 €
CADETE 1º e 2º ANO	25,00 €
CADETE 3º ANO	43,00 €
JUNIOR(Independientes)*	88,00 €
SUB.23 (Independientes)*	98,00 €
ABSOLUTO (Independientes)*	98,00 €
VETERANO (Independientes)*	98,00 €
JUNIOR (Club)	71,00 €
SUB.23 (Club)	81,00 €
ABSOLUTO (Club)	81,00 €
VETERANO (Club)	81,00 €
OFICIAL	60,00 €
TÉCNICO	60,00 €
1Club+1Técnico	210,00 €
Técnico ou oficial+Triatleta (ind)*	123,00 €
Técnico ou oficial+Triatleta (club)	118,00 €
Técnico+Xuíz	107,00 €
CLUB/ORGANIZADOR	180,00 €
ORGANIZADOR/CLUB	180,00 €

* A duplicidade de Licenza de club ou organizador para Galicia só é válida ós efectos censais. Haberá unha única licenza de club válida para organización de probas galegas tamén. Para organizar probas nacionais deberán tramitar e aboar tamén a licenza de organizador.

*** Licenza Dºs Inscripción Circuitos Galegos:.-**

*Necesaria para participar en calquera ou todas as probas reflectidas como clasificatorias do circuito de Dúatlon e/ou Triatlón de Estrada. (Tramítase e aboase na plataforma como licenza de circuito):

DEPORTISTAS INDEPENDIENTES -- 100€

CLUBS -- 300€

(cubre a todos os seus deportistas)

PÉNTATLÓN MODERNO

Para a tramitación da licenza de Péntatlon é necesario enviar á Federación a seguinte documentación (ben directamente ou ben a través do Club):

- Solicitud cuberta e asinada (orixinal)*
- Documentos protección de datos e autorización de menores correspondentes
- Copia do DNI* en vigor - *(No caso de menores que non posúan DNI será preciso enviar a copia do libro de familia)
- Foto tamaño carné
- Acreditación da titulación no caso de técnicos e xuíces